

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ACOLLIDA NO CENTRO DE ASISTENCIA SOCIAL DE SAO PAULO (BRASIL)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de asistencia social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Sao Paulo, Brasil, reside unha importante colonia de persoas de orixe galega que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 43.600 emigrantes galegos e galegas. Estes datos confirman a Brasil como o segundo país no continente americano onde máis persoas galegas residen na actualidade, tras Arxentina.

A Sociedade Beneficente de Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración. Posúe un centro de asistencia social, que é unha obra de beneficencia, inaugurado o 22 de febreiro do 1983 para promover o apoio socio asistencial e de acollida das persoas maiores e dependentes, a través da súa atención integral con carácter de servizos preventivos, de saúde e asistenciais, tendentes a procurar unha lonxevidade saudable.

Esta entidade asumiu como unha das súas actividades primordiais a prestación de atención social, entre outros, á colectividade de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia residentes na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes, que se atopan nunha situación de necesidade, na súa maior parte debido ás circunstancias



socio económicas nas que viven, e atende anualmente a un grupo que abrangue ao redor de 20 persoas galegas.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á colectividade galega residente en Brasil que, por razóns de carencia ou de dependencia, se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións; a Sociedade Benéfica Rosalía de Castro de Sao Paulo conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle o servizo.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará doce mil euros (12.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única entidade galega en Sao Paulo que presta este tipo de servizos á comunidade galega.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Brasil que, por cuestións de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal, e presenten dificultades derivadas desta circunstancia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN  
Praza de Mazarelos, núm. 15  
15703 Santiago de Compostela  
T. +34 981 957 158  
emigracion@xunta.gal  
galiciaaberta.com

